Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net
https://sede.betanzos.es
correo@betanzos.net

ANUNCIO DE COBRANZA DO PADRÓN FISCAL DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SANTIAGO DE LA FUENTE DO CONCELLO DE BETANZOS NO MES DE OUTUBRO 2026

Pola presente faise saber que por resolución nº 1959/2026 de data 06/11/2026 do Concelleiro Delegado de Economía e Facenda foi aprobado o padrón fiscal do prezo público pola prestación do servizo da escola infantil municipal Santiago de la Fuente do Concello de Betanzos, correspondente ao mes de outubro de 2026.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Establécese un período de exposición pública de 20 días hábiles a contar desde o seguinte ao da presente publicación no Boletín Oficial da Provincia, durante o cal as persoas interesadas poderán examinar o expediente na Tesourería Municipal.

Poderanse interpoñer, no seu caso, os seguintes recursos:

- O recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública, perante a Alcaldía, que será resolto no prazo máximo de un mes, transcorrido o cal entenderase desestimado.

- Contra a desestimación do recurso de reposición poderase interpoñer recurso contencioso administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución se esta é expresa ou no prazo de seis meses dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta.

Este prezo público deivindícase dende a solicitude de prestación do servizo e o medio de pago ordinario será o de domiciliación bancaria nas contas sinaladas polos obrigados tributarios.

O período voluntario de pago será de dous meses dende o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o cal as débedas serán esixidas mediante o procedemento de prema e deivindicaranse os correspondentes recargos do periodo executivo, os intereses de demora e, no seu caso, as costas que se produzan, conforme os artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Betanzos, na data da sinatura electrónica.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A Alcaldesa
María Barral Varela

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.betanzos.gal (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).

CVD: UgBSduV/MDFTcaPpIm8m Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.betanzos.gal/